

Balance do turismo en Galicia

Ano 2024



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

OCUPACIÓN ALOXAMENTOS

Fonte: INE

PRINCIPAIS INDICADORES

**Viaxeiros
aloxados**

7,29 mill.

+ 1,7%

Noites

13,63 mill.

+ 0,9%

**Estadía
media**

**1,87
noites**

ADR

73,8 €

+ 3,5%

RevPAR

36,1 €

+ 6,3%

**Ingresos
hoteleiros**

431,2 mill.

+ 6,7%

**Recup.
demanda
24/19**

112,3%

Prazas

104,3 mil

+ 0,3%




OFERTA DE ALOXAMENTO

Con algo máis de 104 mil prazas de media no aloxamento turístico Galicia ofertou neste ano 2024 un 0,3% máis que no anterior 2023, situándose igualmente por encima da cifra media de 2019 –nun 6,8% neste caso-. Recuperou e mesmo superou, por tanto, a oferta perdida durante a crise –o promedio de prazas de 2019 sitúase no contorno das 88 mil-.


O 58% das prazas ofertadas corresponden ao segmento hoteleiro –cun 44% para os hoteis e un 14% para as pensións- ficando a porcentaxe restante repartido entre os cámpings –co 18%-, os albergues –co 10%-, os apartamentos turísticos –co 9%- e os establecementos de turismo rural –segmento de menor volume e peso, que oferta o 5% das prazas totais consideradas-.

A estabilidade do nivel de oferta dispoñible non é común ás diferentes tipoloxías. Así, dúas delas superan as cifras do pasado ano en porcentaxes variables. O incremento é de maior intensidade nos apartamentos turísticos –supera nun 7% a oferta dispoñible en 2023- e máis suave nos hoteis –do 2% neste caso-. A oferta mantense estable nos cámpings e descende nas tres restantes modalidades –nun 2% nos albergues, nun 4% no segmento de turismo rural e nun 6% nas pensións-.

**Prazas de aloxamento turístico, por tipoloxía.
Promedio 2024**



**Variación das prazas dispoñibles, por tipoloxía.
2024/23**



OFERTA DE ALOXAMENTO


No curto prazo, a análise da conxuntura turística amosa unha evolución relativamente homoxénea no sentido de que o volume de prazas mantense estable en boa parte dos meses do ano, con excepcións concretas: descende en xaneiro –un 3%– e puntualmente en febreiro, xullo e decembro –en algo máis do 1%– e increméntase unicamente en marzo –polo efecto positivo do calendario coa celebración da Semana Santa, nun 13,5% neste caso–.

A dinámica en relación aos volumes previos á pandemia cambia. Neste caso o nivel de oferta dispoñible supera mes a mes os valores anteriores á crise, de 2019 –con maior distancia na segunda parte do ano fronte ao primeiro semestre–.


O evolución da oferta cambia en función da tipoloxía de aloxamento. Todas elas alternan meses de crecemento con períodos de caídas, sempre con diversa intensidade. Os apartamentos turísticos son a modalidade que presenta maior número de meses con comportamento positivo –dez en total–, amosando caídas unicamente en abril e xuño. O segmento hoteleiro ten tamén unha dinámica positiva xeralizada.

No lado contrario son os albergues turísticos os que amosan un comportamento menos positivo desde o lado da oferta. De feito, o número de prazas dispoñibles sobe unicamente en tres meses concretos, manténdose estable en catro e descendendo nos cinco restantes –con maior intensidade na primeira parte do ano–.

Evolución prazas en aloxamentos colectivos. Anos 2023 e 2024, por meses



Variación interanual do número de prazas abertas. Ano 2024/23



DEMANDA TURISTICA

Datos globais de demanda turística nos aloxamentos de Galicia. Ano 2024

	T. Interno	T. Receptor Nacional	T. Internacional	TOTAL GALICIA
VIAXEIROS	1.529.514	3.103.320	2.657.725	7.290.561
NOITES	3.127.083	6.386.153	4.117.233	13.630.469
ESTADÍA MEDIA	2,04	2,06	1,55	1,87

DEMANDA TURISTICA

Do lado da demanda obsérvase un comportamento tamén positivo pero máis suave nos establecementos colectivos de Galicia –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, albergues e turismo rural- neste 2024. Neste caso supérase o volume de noites nun 1% como consecuencia esencialmente dun incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 1,7%- nun contexto de leve axuste da estadía media. Isto permite manterse por encima dos niveis anteriores á pandemia, de 2019 –nun 12,3% o número de noites-.

En termos de viaxeiros aloxados a recuperación tradúcese nun incremento do 20% sobre o nivel de 2019.

A estadía media mantense relativamente estable en relación ao pasado ano para situarse, en consecuencia, por debaixo do valor de hai cinco anos –descende neste caso un 6,4%-, rexistrando 1,9 noites.

O mercado nacional absorbe o 70% do total da demanda neste 2024, porcentaxe que se reparte entre o turismo interno –dos residentes en Galicia, cun 23% do total- e o receptor nacional –que supoñen o 47% neste caso-. O mercado internacional representa o 30% da demanda global.

Evolución da demanda turística nos establecementos colectivos. 2024/23 e 2024/19

	Viaxeiros	Noites	Estadía Media	Prazas
2024/23	1,7%	0,9%	-0,8%	0,3%
2024/19	20,0%	12,3%	-6,4%	6,8%


DEMANDA TURISTICA

Variación da demanda turística nos aloxamentos colectivos de Galicia, por procedencia. 2024/23


	T. Interno	T. Receptor Nacional	T. Internacional	TOTAL GALICIA
VIAXEIROS	- 0,1%	+ 0,5%	+ 4,2%	+ 1,7%
NOITES	- 1,8%	+ 0,3%	+ 3,9%	+ 0,9%
ESTADÍA MEDIA	- 1,9%	- 0,1%	- 0,3%	- 0,8%

DEMANDA TURISTICA

Reparto da demanda por CC.AA.
Ano 2024



Variación da demanda nos establecementos turísticos
2024/23



DEMANDA TURISTICA

Posición de Galicia no ranking estatal, por tipoloxías de aloxamento. Ano 2024

ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS

Ranking	CC.AA.	Noites
1ª	CANARIAS	72.939.738
7ª	GALICIA	9.847.977

Ranking	CC.AA.	Var. 24/23
1ª	MURCIA	7,8%
12ª	GALICIA	3,7%

APARTAMENTOS TURÍSTICOS

Ranking	CC.AA.	Noites
1ª	CANARIAS	25.870.345
8ª	GALICIA	793.049

Ranking	CC.AA.	Var. 24/23
1ª	ESTREMADURA	27,0%
12ª	GALICIA	-2,4%

CAMPINGS

Ranking	CC.AA.	Noites
1ª	CATALUÑA	20.434.730
7ª	GALICIA	1.220.392

Ranking	CC.AA.	Var. 24/23
1ª	ESTREMADURA	22,6%
12ª	GALICIA	-2,9%

TURISMO RURAL

Ranking	CC.AA.	Noites
1ª	CASTELA E LEÓN	1.920.474
14ª	GALICIA	348.851

Ranking	CC.AA.	Var. 24/23
1ª	MURCIA	29,8%
8ª	GALICIA	-0,3%

ALBERGUES

Ranking	CC.AA.	Noites
1ª	MADRID	1.426.296
2ª	GALICIA	1.384.201

Ranking	CC.AA.	Var. 24/23
1ª	CANARIAS	32,9%
13ª	GALICIA	-11,6%



DEMANDA TURÍSTICA

- O comportamento da demanda turística no conxunto do Estado ten un carácter relativamente homoxéneo en relación ao pasado ano así como en comparación coas cifras co 2019, previas á pandemia.
- Case todos os destinos superan os niveis de demanda do pasado ano, con maior intensidade Extremadura –que supera nun 8,5% o volume de noites de 2023-. Aínda tamén un crecemento notable, do contorno do 7 interanual, Baleares e Madrid. No lado contrario os incrementos máis suaves, menos notorios, localízanse en Galicia e Asturias -ambas do contorno do 1%-. Marca a excepción neste ano un destino -A Ríoxa- que presenta unha caída do 1,4%.
- Neste contexto a nosa comunidade colócase no grupo de comportamento máis modesto en termos relativos do conxunto do Estado. Apenas participa da boa conxuntura que se aprecia no total de España, no que se observa en termos globais un incremento da demanda do 4,4% para este período. O comportamento de Galicia é, por tanto, inferior en tres puntos á media do Estado.
- Esta dinámica positiva permite a boa parte dos destinos españois superar tamén as cifras de 2019. Así todas se sitúan por encima dos niveis de hai cinco anos agás xustamente A Ríoxa –que fica un 1% por debaixo do valor anterior á crise-. Marcan maior distancia o País Vasco –supera nun 20% o nivel de 2019- xunto con Extremadura, Asturias e Navarra –con subas de entre o 13% e 15%-.
- En termos de volume Canarias, con 99,5 millóns de noites, é o destino de maior peso no conxunto de España neste 2024 – absorbe o 19,7% do total estatal-. Seguen en orde de importancia Cataluña, Andalucía, Baleares e a C. Valenciana. Estes cinco destinos representan o 78% do total da demanda turística do Estado.
- Galicia ocupa o sétimo lugar no ranking das CC.AA., xusto por detrás das cinco anteriores e de Madrid, representando o 2,7% do total de España neste ano –porcentaxe equivalente á do pasado ano e á de 2019-. Mellora a súa posición no segmento dos albergues –Galicia ocupa a segunda posición no ranking estatal nesta modalidade de aloxamento- mais empeora, por exemplo, no caso do segmento de turismo rural –ocupando o posto número catorce en orde de importancia.
- En termos dinámicos Galicia presenta un comportamento moi modesto en todas as modalidades de aloxamento, algo mellor no segmento de turismo rural –ocupa o oitavo posto no ranking de variacións interanuais- fronte ás restantes tipoloxías –nas que presenta unha das taxas de variacións máis baixas do conxunto do Estado, mellorando o comportamento de unicamente catro ou cinco destinos-.

DEMANDA TURÍSTICA


No curto prazo o comportamento da demanda neste 2024 é variable. Así descende o volume de noites en xaneiro –nun 2,5%-, abril –nun 20%, polo efecto negativo do calendario-, xullo –nun 3%- e decembro –nun 4% neste caso-. Mantense estable a demanda en xuño e outubro e increméntase, en cambio, en febreiro, notablemente en marzo –mes no que se celebrou a festividade da Semana Santa e que supuxo un importante nivel de afluencia turística a Galicia-, en maio, agosto, setembro e novembro –con subas de maior intensidade nos meses de temporada media e baixa-.

Obsérvase, por tanto, un comportamento máis estable, con variacións de baixa intensidade, de xuño a outubro e, en cambio, evolucións máis notorias na primeira parte do ano –de xaneiro a maio- e no último bimestre.


A comparación co anterior ano 2019 amosa unha dinámica positiva xeneralizada, presentando incrementos en todos os meses considerados agás en abril.

O verán é o período de maior afluencia turística a Galicia. Con 4,8 millóns de noites representa o 35% da demanda que visitou a nosa comunidade en 2024.

Demanda nos establecementos turísticos. Anos 2023 e 2024, por meses



Variación da demanda turística. 2024/23, por meses




DEMANDA TURÍSTICA

En termos globais obsérvase, en consecuencia, un comportamento diferente da demanda en relación aos tres grandes períodos do ano. Neste sentido, o volume de noites supera os niveis de 2023 unicamente na temporada media –nun 3,0%–, ficando estable na temporada baixa e descendendo unicamente no verán –a caída na temporada alta é en todo caso pouco significativa, rolda o 1%–.


Esta dinámica non impide ao segmento do aloxamento colectivo de Galicia situarse por encima dos niveis de demanda previos á pandemia en cada un dos períodos considerados –arredor dun 10% por encima das cifras de 2019 nas temporadas alta e baixa, e cun crecemento do 15% na temporada media–.

En consecuencia, o comportamento positivo da demanda na temporada media permite acadar máximos da serie histórica con máis de 5,3 millóns de noites. Os niveis no verán e na temporada baixa mantéñense relativamente estables en 4,8 millóns e 3,5 millóns, respectivamente.

Variación demanda turística. 2024/23, por temporadas



Variación demanda turística. 2024/19, por temporadas




DEMANDA TURÍSTICA

Como consecuencia do comportamento comentado anteriormente non se observan grandes cambios na estrutura da demanda desde o punto de vista temporal. Neste sentido apréciase que o 35,2% do volume de noites de 2024 concéntrase no verán –meses de xullo e agosto-, porcentaxe similar á do pasado ano –cando absorbía o 35,8%- e tamén á de 2019. O 39,1% da demanda concéntrase na temporada media mentres que o 25,7% corresponde ao período de temporada baixa, de novembro a abril –porcentaxe tamén parella á de 2023-.


A distribución temporal da demanda neste 2024 consolida dalgunha maneira a estrutura “habitual” en Galicia, con pequenas diferenzas respecto do que se observaba antes da pandemia, cun peso importante e moi parello das temporadas alta e media, e menor representatividade da temporada baixa. A distribución observada en 2020 e 2021 vén moi marcada pola evolución da pandemia e das diferentes medidas que se foron tomando para facer fronte á mesma, medidas que afectaron á mobilidade da poboación e que supuxeron restricións importantes de acceso a diferentes recursos turísticos, entre outras.

Mantense así o carácter estacional do turismo respecto do observado nos últimos anos, con valores parellos aos que se rexistraban antes da crise, en 2019.

Reparto da demanda turística nos establecementos turísticos. Temporadas 2019-24



Índice de estacionalidade da demanda. 2019-24




DEMANDA TURISTICA

Galicia rexistra neste ano algo máis de 13,6 millóns de pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento colectivo. Este dato final vén de agregar o número de noites de todas as tipoloxías contempladas nas operacións de ocupación do INE –hoteles, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, aloxamentos de turismo rural e albergues-. Estes últimos incorpóranse ao listado global en 2021, computando agora en 2024 preto de 1,4 millóns de noites.

Con estes niveis Galicia acada agora neste ano, en sentido estrito, un máximo da serie histórica de demanda turística. Nunca antes a nosa comunidade conseguira superar os 13,6 millóns de noites nun ano completo, cifra que mesmo quitando os albergues fica por encima dos valores previos á pandemia – no cuatrienio 2016-19 o nivel de demanda situábase entre os 10 e 11 millóns de noites.

En termos absolutos o incremento da demanda supón a xeración de 115 mil novas pernoctacións respecto do rexistrado no pasado ano.

Evolución das noites nos establecementos de aloxamento turístico. Período 2015-24




MERCADOS TURÍSTICOS

Neste ano o 70% da demanda turística do aloxamento colectivo corresponde ao turismo de orixe estatal, cifra que engloba ao mercado interno –dos residentes en Galicia, que xeraron algo máis de 3,1 millóns de pernoctacións, o 23% do total- e ao receptor nacional –españóis que proceden doutras comunidades autónomas, segmento maioritario que xerou 6,4 millóns de noites, o 47% do total da comunidade-.

O turismo internacional supón o 30% restante con algo máis de 4,1 millóns de noites, acadando con isto un nivel e peso superior ao mercado interno –por segundo ano consecutivo-. Tal circunstancia débese en parte á incorporación dos albergues ao cómputo global, segmento no que o mercado internacional ten un peso moi notable –superior ás restantes tipoloxías- e tamén, sobre todo, ao mellor comportamento observado polo segmento dos estranxeiros fronte ao interno.

Esta distribución da demanda apenas cambia respecto do observado en 2023 mais varía levemente en relación aos anos anteriores. Refórzase o peso do mercado internacional –en 2021 representaba o 14% e en 2022 ascendía ao 25%- en detrimento do peso do mercado nacional, sobre todo do interno –que rexistra o peso máis baixo de toda a serie histórica-.

Peso dos principais mercados nos establecementos de aloxamento turístico. Ano 2024



MERCADOS TURÍSTICOS


A nivel de mercados obsérvase un comportamento dispar neste ano. Así descende o turismo interno, dos residentes en Galicia -nun 2% o volume de noites como consecuencia dunha caída da estadia media nun contexto de estabilidade da cifra de viaxeiros aloxados-, mantense relativamente estable o receptor nacional -españóis procedentes doutras comunidades autónomas- e incrementase o internacional -nun 4% neste caso, rexistrando algo máis de 4,1 millóns de pernoctacións-.

Por vez primeira na serie histórica anual o mercado estranxeiro supera os catro millóns de noites no conxunto do aloxamento colectivo de Galicia.


As variacións son de distinto signo mais de baixa intensidade, e permiten ao mercado receptor manterse por encima dos niveis de demanda previos á pandemia, de 2019, con distancias variables que van do 10% para o que procede do resto do Estado e de algo máis do 30% para os estranxeiros.

A diferenza de comportamento en relación ao pasado ano leva a un cambio na estrutura da demanda, diminuindo o peso do turismo interno -arredor dun punto porcentual-, manténdose relativamente estable o receptor nacional e incrementándose en paralelo o peso do mercado internacional -tamén nun punto neste caso acadando por vez primeira na serie histórica o 30% do total-.

Variación da demanda nos aloxamentos turísticos, por mercados. 2024/23



Variación da demanda nos aloxamentos turísticos, por mercados. 2024/19




MERCADOS TURÍSTICOS

A dinámica do mercado interno levou a que este segmento xerase en 2024 pouco máis de 3,1 millóns de noites, en sentido estrito a cifra máis baixa dos últimos tres anos se ben as diferenzas non son moi elevadas. A distancia co valor rexistrado en 2023 –último valor máis alto- é inferior ás 60 mil pernoctacións.

O mercado interno tivo un comportamento moi destacado nos anos fortes de pandemia. A pesar de sufrir obviamente as consecuencias da crise, este segmento presentou desde o primeiro momento unha rápida resposta e capacidade de recuperación. Dalgunha maneira forma parte desa primeira resposta da demanda en tempos de crise, co incremento das viaxes de proximidade buscando seguridade, confianza e destinos de baixo risco. Isto levou a que en 2021 conseguira mellor capacidade de recuperación fronte ao turismo receptor, tendencia que mantivo pero con menor intensidade en 2022.

Obviando a cifra dos albergues –para ter unha comparación máis exacta cos niveis anteriores a 2021- o volume de noites apenas varía, circunstancia que reflicte o baixo peso que o turismo interno ten nesta tipoloxía de aloxamento e que permite manterse, aínda descontando isto, por encima das cifras de hai catro anos –cunha distancia menor en calquera caso-.

Evolución do mercado INTERNO nos establecementos de aloxamento turístico. Noites 2015-24




MERCADOS TURÍSTICOS

O mercado receptor nacional amosou neste 2024 un comportamento estable, cun volume de noites case equivalente ao do pasado ano 2023. Indo ao detalle este segmento xerou 6,4 millóns de noites que en esencia supón igualmente un máximo da serie histórica e engloba, entre outros, o dato dos albergues. Descontando esta tipoloxía, para facer a comparación máis real fronte aos valores anteriores á crise, vemos que o mercado receptor nacional continúa rexistrando niveis máximos de demanda con máis de 5,8 millóns de noites no conxunto da comunidade.

A distancia co dato de 2019 fica por encima do millón de pernoctacións, das cales aproximadamente a metade supoñen un crecemento real da demanda – comparando os mesmos valores en ambos anos- e o resto provén da incorporación dos albergues.

En síntese Galicia consegue agora en 2024 consolidar o nivel de demanda do mercado nacional, manténdose por terceiro ano consecutivo por encima dos seis millóns de pernoctacións.

Evolución do mercado RECEPTOR NACIONAL nos establecementos de aloxamento turístico. Noites 2015-24




MERCADOS TURÍSTICOS

No caso do mercado internacional a dinámica cambia pois este segmento presentou en 2024 un crecemento do 4% que o levou a rexistrar algo máis de 4,1 millóns de noites no conxunto do aloxamento colectivo de Galicia, cifra que supón obviamente un máximo da serie histórica. En termos absolutos este incremento supón a xeración de 153 mil novas pernoctacións respecto do dato do pasado ano 2023.

A distancia co dato de 2019 –previo á pandemia- sitúase en 1,5 millóns de pernoctacións mais esta cifra engloba dúas realidades diferentes: a incorporación dos albergues –que supón engadir máis de 750 mil noites ao cómputo global- e o crecemento real da demanda, comparando os mesmos valores en ambos períodos –e que neste caso supón a xeración de 800 mil noites-.

Así pois, o comportamento da demanda turística en Galicia neste 2024 vén dado pola consolidación do mercado nacional e pola continuidade da dinámica positiva do turismo internacional –rexistra catro anos consecutivos de crecemento en Galicia-.

Evolución do mercado INTERNACIONAL nos establecementos de aloxamento turístico. Noites 2015-24




MERCADOS TURÍSTICOS

A diferenza de comportamento na evolución dos niveis de demanda dos tres grandes segmentos de mercado provoca que neste ano varíe levemente o peso dos mesmos dentro da estrutura global. Neste sentido en relación ao pasado ano gaña representatividade o segmento internacional que acada neste ano 2024 un máximo histórico de cuota de mercado en Galicia, absorbindo o 30% do total da demanda –en 2022 supoñía o 25% e en 2023 o 29%–.

O mercado nacional perde peso nunha proporción equivalente, circunstancia que afecta principalmente ao interno –que pasa do 25% ao 24% en 2023 e 23% agora en 2024, rexistrando con isto a cuota de mercado máis baixa de toda a serie histórica–. O segmento receptor nacional mantense relativamente estable co 47% do total das noites.

Por segundo ano consecutivo desde que hai rexistros estatísticos o mercado internacional supera en volume e peso ao interno en Galicia, cun millón de pernoitacións e sete puntos de diferenza entre ambos. A estrutura da demanda cambia, por tanto, respecto do habitual na comunidade. Tal circunstancia explícase, en parte, pola incorporación dos albergues ao cómputo global pois esta tipoloxía ten unha presenza importante de viaxeiros de fóra de Galicia, principalmente estranxeiros. En ausencia de albergues a estrutura da demanda asemellaríase máis á observada antes da pandemia.

Evolución PESO dos diferentes segmentos de mercado na demanda turística. Período 2015-24



MERCADOS TURÍSTICOS

A distribución temporal dos tres grandes segmentos de mercado amosa comportamentos diferentes ao longo do ano.


Neste sentido é o turismo procedente do resto do Estado, o receptor nacional, o que presenta maior estacionalidade por canto o 41% do volume de noites concéntrase soamente no verán, sendo agosto o mes de maior afluencia co 24% do total anual –unha cuarta parte da afluencia turística con orixe no resto do Estado concéntrase nun só mes do ano-. Un 34% corresponde á temporada media quedando a porcentaxe restante –o 25%- distribuída entre novembro e abril.

No lado contrario está o turismo interno. Presenta menor perfil estacional respecto dos outros dous: no verán concentra o 35% do total anual e aínda que agosto é o mes de maior afluencia absorbe tan só o 19% da cifra global.

O segmento internacional presenta un comportamento diferente. Rexistra o seu pico de demanda nos bimestres maio-xuño e agosto-setembro. Neste caso algo máis da metade das noites dos residentes no estranxeiro rexístranse na temporada media e tan só o 22% restante para a temporada baixa.

En practicamente todos os meses o mercado receptor nacional supera en volume e peso aos outros dous considerados, marcando maior distancia –maior cuota de mercado- en agosto. Marca a excepción maio, único mes no que lidera o mercado galego o segmento internacional.


Estacionalidade dos mercados no aloxamento colectivo. Ano 2024, por meses



MERCADOS TURÍSTICOS

ESPAÑOIS

ESTRANX.



MERCADOS TURÍSTICOS

- Tendo en conta o volume global da demanda turística, o mercado interno –dos residentes en Galicia- representa neste ano, tal como se citou anteriormente, o 22,9% do total das pernoctacións da comunidade –a cifra máis baixa dos últimos anos como consecuencia do mellor comportamento relativo do turismo receptor –esencialmente o internacional- e pola incorporación dos albergues ao cómputo global que provoca un incremento do peso dos mercados estranxeiros fronte aos nacionais.
- Madrid é o principal mercado emisor a nivel estatal. Con algo máis de 1,8 millóns de noites representa o 13,5% do total da demanda nos aloxamentos turísticos. Ten un peso notable e superior ao dos restantes mercados nacionais. Puntualmente no verán acada os seus niveis máis elevados, superando incluso en volume ao mercado interno.
- Despois de Madrid seguen en orde de importancia Andalucía –co 6,0%-, Castela e León –co 4,8%-, Cataluña –co 4,3%- e Asturias –co 3,5% do total da demanda turística neste caso-. Por tanto, logo de Madrid sitúanse como mercados máis importantes aqueles de maior poboación –Andalucía e Cataluña- e aqueles de maior proximidade -Castela e León neste caso xunto con Asturias-.
- A Comunidade Valenciana e o País Vasco sitúanse a continuación cunha cuota global do contorno do 3% ambos.
- No ámbito internacional mantense Portugal como o principal mercado emisor a Galicia. Neste ano rexístranse preto de 650 mil pernoctacións procedentes do país veciño, o 5,0% do total da comunidade e o 19,3% do total internacional.
- Logo de Portugal, e por terceira vez consecutiva en toda a serie histórica, sitúase un mercado non europeo –EE.UU. neste caso-. Con algo máis de 390 mil noites representa o 3,0% do total da demanda e o 12% do segmento internacional.
- Sitúanse a continuación os mercados europeos tradicionais na nosa comunidade, coa seguinte orde: Alemaña –absorbendo o 2,4% do total-, Italia –co 1,8%-, Reino Unido e Francia –ambos co 1,5% da demanda total neste caso-.
- Nun segundo plano, con volumes levemente superiores ás 100 mil noites, sitúanse Irlanda e Países Baixos.
- Con carácter xeral todos os mercados internacionais fican con volumes e peso inferiores a calquera dos principais mercados nacionais salvo no caso de Portugal, que supera por exemplo a mercados como Castela e León, Cataluña ou Asturias.

MERCADOS TURÍSTICOS


O comportamento do turismo de ámbito nacional presenta disparidades en función do mercado de orixe ou procedencia. Con carácter xeral, as variacións en relación ao pasado ano non son moi elevadas nin significativas o que se traduce en estabilidade en boa parte dos principais mercados.

Destacan como excepción en positivo os incrementos rexistrados por dous mercados distantes neste caso: Andalucía –que supera nun 3,6% o nivel de demanda do pasado ano- e a C. Valenciana –que rexistra un incremento do 4,4% neste caso-.

No lado contrario só se aprecia un comportamento negativo no mercado interno, dos residentes en Galicia, se ben a caída é pouco significativa.

Con esta dinámica todos os principais mercados emisores nacionais agás aqueles de maior proximidade –o propio interno, Asturias e Castela e León- sitúanse ou mantéñense por encima dos niveis previos á pandemia, de 2019.

Evolución dos principais mercados nacionais nos aloxamentos turísticos. Noites 2024/23



MERCADOS TURÍSTICOS


A nivel internacional obsérvase un comportamento positivo xeneralizado en comparación coas cifras do pasado ano. Todos os principais mercados superan os volumes de demanda de 2023, en porcentaxes variables, agás Francia –segmento que se mantén en cifras parellas-.

EE.UU. é un ano máis o mercado estranxeiro de mellor comportamento en termos relativos –supera nun 24% o número de noites de 2023-. Marca distancia respecto dos restantes mercados entre os que destacan Italia e Reino Unido con subas do contorno do 10% interanual. No lado contrario é Portugal, o mercado de maior peso e proximidade, o que presenta o crecemento máis moderado, do 3% neste caso.

Este forte impulso permite a todos os grandes mercados internacionais superar as cifras anteriores á pandemia, con maior distancia EE.UU. –que se sitúa un 75% por encima dos valores de 2019-. Portugal presenta tamén unha distancia notable, de máis do 30% neste caso.

Con esta dinámica positiva boa parte dos principais mercados estranxeiros rexistran agora en 2024 máximos históricos de demanda –en realidade todos os considerados agás Italia e Francia-.

Evolución dos principais mercados internacionais nos aloxamentos turísticos. Noites 2024/23




MERCADOS TURÍSTICOS

Neste contexto de variación dispar da demanda en todos os segmentos de mercado aprécianse pequenas diferenzas de intensidade que mostran cambios na estrutura da propia demanda turística. Neste sentido, desde o punto de vista dos mercados emisores neste 2024 presentaron mellor comportamento aqueles internacionais fronte aos nacionais en relación aos niveis do pasado ano, e dentro dos primeiros notoriamente EE.UU –rexistra non só a taxa de crecemento máis elevada senón tamén gañar cuota de mercado no contexto turístico de Galicia, en medio punto respecto da cifra do pasado ano-.

O segmento que realmente perde cuota de mercado neste ano, e por terceira vez consecutiva, é o interno -dos residentes en Galicia-. A caída leve en relación ao pasado ano implica neste caso perda de representatividade no mercado turístico galego –en máis de medio punto porcentual-.

Os restantes mercados nacionais e internacionais mantéñense en pesos parellos aos do pasado ano –con variacións inferiores ao medio punto porcentual-.

Cambio na estrutura do mercado turístico no aloxamento colectivo. Variación do peso das noites, por mercados. 2024/23



ANÁLISE TERRITORIAL

En liña coa distribución da oferta actual, o reparto territorial da demanda turística presenta unha notable concentración nas provincias do litoral atlántico fronte o interior da comunidade.


Neste 2024 as provincias de A Coruña e Pontevedra absorben o 80% do total da demanda cun reparto moi parello—A Coruña xera maior volume de pernoctacións con 4.9 millóns neste ano, o 40% do total-. En Pontevedra o nivel fica próximo aos 4,9 millóns tamén, igualmente o 40% do total da comunidade.

O 20% restante queda nas provincias de interior, cifra que se reparte de forma algo dispar entre Lugo —que absorbe o 14% do total da demanda- e Ourense —provincia que tradicionalmente ten un menor peso na estrutura global da comunidade, cun 6% neste caso-.


Neste 2024 tres provincias superan o nivel de demanda do pasado ano, con maior intensidade Lugo —que presenta unha suba do 8,6%- por diante de Pontevedra —rexistra un 3,7%- e Ourense —cun 1,1% neste caso-. Marca a excepción A Coruña, única provincia que non consegue resultados positivos ficando en niveis parellos aos do pasado ano.

Con esta dinámica Lugo e Pontevedra gañan peso a nivel territorial, manténdose estable Ourense e perdendo un punto de cuota de mercado A Coruña.

Demanda turística por provincias. Ano 2024



Variación da demanda turística, por provincias. 2024/23




ANÁLISE TERRITORIAL

O bo comportamento da demanda na provincia de Lugo vén como consecuencia dos incrementos rexistrados en todas as modalidades de aloxamento, con similar intensidade ademais. Nas restantes tres provincias a dinámica é algo máis dispar, con crecementos xeneralizados nos hoteis e puntuais nas restantes modalidades. Xustamente o hotel é a modalidade que presenta mellor comportamento a nivel territorial pois consegue superar os niveis de demanda do pasado ano en todas as provincias.

O incremento da demanda en Pontevedra concéntrase no ámbito hoteleiro –con subas parellas nos hoteis e pensións- ficando en negativo nas tres tipoloxías restantes.

A Coruña e Ourense amosan tamén un comportamento variable. Na primeira a demanda sobe claramente no segmento de turismo rural, manténdose estable nos hoteis e apartamentos turísticos e descendendo nas pensións e cámpings. Na segunda a dinámica positiva concéntrase principalmente nos hoteis, e tamén no segmento dos cámpings –se ben esta variación é menos significativa pois responde a un volume baixo de demanda–.

Variación da demanda turística, por provincias e tipoloxías. 2024/23




ANÁLISE TERRITORIAL

O reparto territorial da demanda turística hoteleira a nivel das áreas turísticas amosa que neste 2024 catro destinos destacan por absorber a maior parte do volume de noites. En particular, son Terras de Santiago –que inclúe a cidade de Santiago, co 20,6%-, Ría de Vigo e Baixo Miño –coa cidade de Vigo- e Ría de Arousa –coas vilas de Sanxenxo e O Grove-, ambas co 16,1% e A Coruña-As Mariñas –destino que inclúe neste caso á cidade de A Coruña, co 12,5%-. Estes catro grandes destinos representan en conxunto ao 65% do total da demanda hoteleira de Galicia, isto é, dous terzos do total –cifra similar á dos dous últimos anos-. A porcentaxe restante repártese nas outras áreas consideradas entre as que destacan aquelas que inclúen destinos urbanos da comunidade –Lugo e Terra Cha, e Ría e Terras de Pontevedra-.

No lado contrario son destinos de interior, e excepcionalmente un de litoral, os que presentan menor volume e peso neste ano. Con menos do 1% do total da demanda están Ría de Muros e Noia, Ancares-Courel, Verín-Viana, Celanova-Limia e Manzaneda-Trevinca.

Demanda turística hoteleira por áreas turísticas. Ano 2024




ANÁLISE TERRITORIAL

O comportamento da demanda hoteleira a nivel das áreas turísticas é variable, sendo maioría as que amosa unha dinámica positiva. Boa parte delas superan o volume de noites do pasado ano rexistrando os incrementos de maior notoriedade Celanova-Limia –presenta unha suba do 24%-, por diante dun grupo de destinos con crecementos por encima do 10% interanual –a Ribeira Sacra e Lugo-Terra Cha-. No lado contrario as áreas con crecementos máis moderados son dúas de litoral –Mariña Lucense e Costa da Morte, ambas con subas do contorno do 3% interanual-.

Cinco destinos mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano, dous dos máis relevantes –Terras de Santiago e A Coruña-As Mariñas- xunto con O Ribeiro, Ría de Muros e Noia, e Ferrolterra- mentres que tres amosan caídas de diversa intensidade –do 7% en Deza-Tabeirós, do 14% en Ancares-Courel e do 25% en Verín-Viana-.

Variación da demanda turística hoteleira por áreas turísticas. 2024/23




ANÁLISE TERRITORIAL

As diferenzas de comportamento e intensidade no proceso de evolución da demanda respecto dos niveis de 2023 leva a cambios no reparto do número de noites a nivel territorial. Neste sentido, analizando os datos en termos comparativos, obsérvase que practicamente todos os destinos manteñen o peso do pasado ano, con diferenzas inferiores ao medio punto porcentual respecto do peso que tiñan en 2023.

En calquera caso, e por destacar as variacións máis extremas que se sitúan precisamente no contorno do medio punto porcentual, cabe mencionar tres destinos concretos. Dunha banda Ría de Arousa—que gaña peso en relación ás restantes áreas turísticas- e doutra banda Terras de Santiago e A Coruña-As Mariñas —que xustamente son as que perden maior cuota de mercado-.

Cunha perspectiva temporal máis ampla, e tendo en conta os valores anteriores á pandemia, obsérvanse cambios de maior intensidade no reparto territorial da demanda. Neste sentido gañan peso tres destinos —en algo máis dun punto Terras de Santiago e Costa da Morte e preto dun punto Ría de Vigo e Baixo Miño- e, no sentido contrario, perden peso dúas deles, arredor dun punto porcentual Ría e Terras de Pontevedra e en case dous puntos A Coruña-As Mariñas.

Variación do reparto da demanda hoteleira a nivel territorial (áreas turísticas). 2024/23



ANÁLISE TERRITORIAL


O 46% do total da demanda hoteleira de Galicia deste ano 2024 corresponde aos destinos urbanos da comunidade, porcentaxe similar á que se rexistraba nos últimos dous anos e que presenta diferenzas a nivel temporal –no verán, por exemplo, o peso do turismo urbano fica no 35% do total da comunidade mentres que en temporada baixa ascende a máis do 60%-.

Con máis de 4,5 millóns de noites o turismo urbano acada agora en 2024 máximo histórico de demanda na comunidade.


A cidade de Compostela lidera o ranking dos destinos urbanos de Galicia. Neste ano rexistra 1,6 millóns de noites nos establecementos hoteleiros, cifra que supón o 16% do total da comunidade. Seguen en orde de importancia as cidades de A Coruña e Vigo –ambas con cifras parellas, superiores ás 950 mil noites-. Estas tres cidades absorben en conxunto o 78% do total do turismo urbano de Galicia.

As restantes catro cidades distan en volume e peso das tres anteriores, destacando neste grupo Lugo e Ourense -con 330 mil noites a primeira e preto de 260 mil noites a segunda-.

Demanda turística HOTELEIRA nos destinos urbanos de Galicia. Noites 2015-24



Demanda turística HOTELEIRA segundo destino urbano. Ano 2024



ANÁLISE TERRITORIAL


En termos dinámicos obsérvase un comportamento relativamente homoxéneo da demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia neste ano 2024. Así sobe e mellora en cinco deles manténdose estable en dous –Santiago e Vigo–.

Os incrementos son de maior intensidade en Ferrol –supera nun 31% o número de noites do pasado ano– e Lugo e Pontevedra –ambas con subas do contorno do 14% interanual–. No lado contrario A Coruña e Ourense amosa crecementos máis suaves e moderados, do 3% a primeira e do 2% esta última.


Analizando en conxunto volumes e comportamento da demanda obsérvase que neste ano 2024 cambia levemente o reparto territorial a nivel urbano. Así tres destinos gañan cuota de mercado en relación ao pasado ano –en case un punto Ferrol e arredor de medio punto Lugo e Pontevedra–, dous mantéñense case invariables mentres que os dous restantes perden peso no segmento urbano –nun punto porcentual tanto Santiago coma Vigo–.

Así pois, aínda que o cambio sexa leve e suave si se aprecia certa desconcentración da demanda dos tres grandes destinos urbanos cara aqueles de menor peso.

Variación da demanda HOTELEIRA nos destinos urbanos de Galicia. 2024/23



Variación do reparto da demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. 2024/23



DEMANDA TURISTICA - TIPOLOXÍAS


O 72% da demanda turística no aloxamento colectivo corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 59%- como ás pensións –co 13% neste caso-.

O 28% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 6% da demanda total-, aos cámpings –co 9%-, aos establecementos de turismo rural –co 3%- e aos albergues –que supoñen o 10% neste caso-.

Esta última modalidade incorporouse no anterior ano 2021 á lista de aloxamentos con datos de ocupación do INE, incrementando por tanto o volume final de demanda turística da comunidade e alterando a estrutura final. De feito, convértese na primeira modalidade de aloxamento non hoteleiro máis destacada, superando en volume aos apartamentos turísticos, cámpings e aos establecementos de turismo rural.

Neste ano cambia levemente o peso dos dous grandes segmentos de aloxamento –hoteleiro e non hoteleiro- gañando cuota de mercado o primeiro grazas ao bo comportamento observado nos hoteis.

Reparto da demanda turística nas diferentes tipoloxías de aloxamento turístico. Noites 2024



DEMANDA TURISTICA – TIPOLOXÍAS


En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste 2024 un comportamento variable. Neste caso soamente os hoteis conseguen resultados positivos superando o volume de noites do pasado ano nun 4,5%. As restantes modalidades fican ben en niveis semellantes aos de 2023 –caso das pensións e dos aloxamentos de turismo rural- ou ben por debaixo das cifras do pasado ano. A demanda cae así arredor dun 3% nos apartamentos turísticos e cámpings, e un 12% nos albergues.

Isto non impide en todo caso que boa parte das tipoloxías superen os niveis de demanda de 2019, previos á pandemia. Así acontece en todas elas agás nos aloxamentos de turismo rural que se manteñen aínda por debaixo dos valores de hai catro anos, cunha porcentaxe de recuperación do contorno do 90%.

O incremento da demanda nos hoteis é unha característica que se observa en todas as categorías con similar intensidade –arredor dun 5% agás nos hoteis de dúas estrelas que soben un 3%- . Nas pensións, en cambio, apréciase un comportamento dispar, con crecemento da demanda naquelas de tres e dúas estrelas –do 4%- e caída, única no segmento hoteleiro, nas pensións dunha estrela –do 4% neste caso-.


A diferenza de comportamento leva a variacións na estrutura da demanda segundo a tipoloxía de aloxamento utilizada. Desta maneira gañan peso no cómputo global os hoteis –melloran en dous puntos a súa cuota de mercado en relación ao pasado ano- e, no lado contrario, perden peso os albergues –en algo máis dun punto neste caso-. As restantes modalidades manteñen estable a cuota de mercado.

Variación da demanda turística por tipoloxías.
Noites 2024/23



■ Var. Noites 24/23

Variación da demanda turística HOTELEIRA por categorías. Noites 2024/23



■ Var. Int. Noites 24/23


DEMANDA TURISTICA – TIPOLOXÍAS

O comportamento da demanda –número de noites- mellora o comportamento da oferta dispoñible –volume de prazas- no ámbito hoteleiro e no segmento de turismo rural, cunha diferenza máis acusada nas pensións. O “gap” é máis reducido, en cambio, nos hoteis. Nas restantes modalidades acontece o contrario, apréciase mellor dinámica da oferta respecto da demanda.


A dinámica das diferentes tipoloxías de aloxamento varía ao longo do ano. Neste sentido presentan maior intensidade os cámpings, con mellor comportamento relativo na temporada baixa e, en contra, caídas máis acusadas na temporada media. Todas presentan meses de comportamento positivo e períodos de dinámica negativa, sendo esta última máis continua e constante nos albergues –tipoloxía na que soamente se aprecia un incremento da demanda na temporada baixa e en maio-.

Os hoteis manteñen en cambio unha dinámica positiva máis estable, con incrementos da demanda en oito dos doce meses considerados.

Variación da oferta e demanda, por tipoloxía. Ano 2024/23



Variación do número de noites, por tipoloxías. Ano 2024/23, por meses




DEMANDA TURISTICA – TIPOLOXÍAS

O maior volume e peso dos hoteis fronte ás restantes modalidades de aloxamento é unha característica que se observa en todos os meses do ano mais con diversa intensidade. Esta tipoloxía acada maior presenza en temporada baixa -cando supera nun 70% o seu peso sobre o total da demanda- en relación á temporada alta –momento no que as restantes tipoloxías rexistran maior volume e, por tanto, diminúen o peso dos hoteis-. No verán esta tipoloxía fica por debaixo do 50% do total.


Con carácter xeral as pensións sitúanse como a segunda tipoloxía con maior volume e peso agás no verán –momento no que os cámpings rexistran maior nivel de demanda- e en meses puntuais da temporada media –cando son os albergues os que rexistran maior presenza-.

Desta maneira obsérvase que todas as modalidades presentan un comportamento estacional da demanda, con maior volume de noites en temporada alta fronte ao resto do ano, mais presentan diferenzas no reparto temporal das mesmas. Neste sentido a tipoloxía con maior carácter estacional son os cámpings –tres de cada catro noites desta modalidade rexístranse no verán-. As restantes tipoloxías presentan un perfil parello, sendo máis estacional no caso dos apartamentos turísticos, aloxamentos de turismo rural e albergues, e menos estacional nos hoteis.

Evolución noites por tipoloxías. Ano 2024, por meses



Coefficiente de estacionalidade, por tipoloxías. Ano 2024




DEMANDA TURISTICA – TIPOLOXÍAS

A análise do perfil da demanda segundo a tipoloxía de aloxamento amosa as seguintes conclusións:

- O mercado receptor nacional é o segmento de maior volume e peso en tres das cinco tipoloxías consideradas. Representa entón á metade do total nos establecementos hoteleiros e nos apartamentos turísticos, e o 46% nos aloxamentos de turismo rural.
- Os cámpings e os albergues marcan un pouco a excepción pois na primeira modalidade o segmento de maior volume e peso é o mercado interno, dos residentes en Galicia –absorben o 51% do total nesta tipoloxía-, mentres que na segunda é o mercado internacional o de maior representatividade –supón o 55% do total das noites-.
- Xustamente o mercado interno ten un peso variable nas diferentes modalidades, pois representa máis da metade da demanda nos cámpings, entón ao 25% do total nos apartamentos turísticos e en turismo rural, algo máis do 20% nos hoteis e tan só o 4% nos albergues.
- Precisamente nos albergues apréciase unha estrutura diferente, e case oposta aos cámpings. Neste caso o segmento de maior peso é o mercado receptor –supón o 96% do total- quedando o interno reducido a un 4%. O mercado internacional adquire maior representatividade cun 55% do total da demanda, sendo a de maior peso nesta tipoloxía. Esta característica difere das restantes modalidades.

Estrutura da demanda turística por procedencia e tipoloxías. Noites 2024




DEMANDA TURISTICA – TIPOLOXÍAS

O comportamento da demanda en relación ao pasado, en cada unha das tipoloxías, vén como consecuencia de variacións dispares dos tres grandes segmentos de mercado. En particular:


- Ningunha modalidade presenta comportamento homoxéneo dos tres segmentos. Obsérvase, por tanto, variabilidade na dirección e intensidade.
- Nos establecementos hoteleiros a dinámica positiva vén do lado do turismo receptor, sendo a única tipoloxía na que sobe aquel de orixe nacional. Nas restantes modalidades cae o turismo de ámbito nacional e sobe o internacional agás nos albergues –tipoloxía na que acontece xustamente o contrario, sobe o turismo interno e cae o receptor-.
- Así o mercado interno, dos residentes en Galicia, amosa resultados positivos unicamente nos albergues. Mantense estable no segmento hoteleiro e cae nas tres restantes modalidades. O receptor nacional descende tamén con carácter xeral agás no ámbito hoteleiro. Marca a excepción o internacional que amosa resultados positivos en tres tipoloxías, manténdose estable nos cámpings e descendendo nos albergues.

En comparación cos niveis previos á pandemia a dinámica é máis homoxénea. Os tres grandes segmentos de mercado crecen nos apartamentos turísticos e nos cámpings, caen no ámbito do turismo rural, e presentan unha variación máis dispar nos establecementos hoteleiros.

Evolución demanda turística por procedencia e tipoloxías. Noites 2024/23



Evolución demanda turística por procedencia e tipoloxías. Noites 2024/19




Neste contexto de estabilidade da demanda a estadía media presenta unha dinámica parella. Mantense estable en relación ao pasado ano e, en consecuencia, continúa por debaixo da cifra de 2019 –antes da pandemia a estadía media ficaba en algo máis de 2,1 noites, dato equivalente ao do anterior 2018-.


Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que a estadía media viña crescendo de forma consecutiva de 2015 a 2020, a taxas máis ou menos constantes agás en 2019. Tal circunstancia permitiu pasar de dúas noites de media en 2015 a 2,4 noites en 2020, para baixar novamente a 2,1 noites en 2021 e 1,9 noites de 2022 a agora 2024. Con este dato Galicia marca un mínimo da serie histórica se ben a cifra vén condicionada pola presenza dos albergues. En ausencia desta tipoloxía a estadía media ficaría en 2,0 noites, cifra inferior á dos últimos cinco anos -pero cunha diferenza menor- mais semellante á observada a mediados da década pasada.

Os apartamentos turísticos e os cámpings son as modalidades que rexistran o valor máis alto con 2,9 e 3,2 noites, respectivamente. Nas restantes modalidades o nivel sitúase ben nas dúas noites –caso dos hoteis- ou ben por debaixo desta cifra, con valores moi próximos os establecementos de turismo rural, e a maior distancia as pensións e os albergues –esta última modalidade marca a cifra máis baixa de toda a oferta con 1,2 noites de media en 2024-.

**Estadía media nos establecementos turísticos.
Período 2016-24**



**Estadía media por tipoloxía de aloxamento. Ano
2024**




ESTADÍA MEDIA

A estadía media no conxunto da oferta de aloxamento turístico presenta diferenzas a nivel territorial. Neste sentido Pontevedra é a provincia na que os viaxeiros fican máis tempo de media -2,3 noites neste 2024-. Nas restantes tres provincias a cifra queda ben nas dúas noites –caso de Ourense- ou ben por debaixo desa cifra –con 1,8 noites en A Coruña e Lugo-.


A estadía media varía en sentido non positivo nas diferentes provincias. Así descende en A Coruña –un 2%- e Pontevedra –un 6%-, e mantense estable en Lugo e Ourense.

A nivel urbano a estadía media atinxe soamente ao ámbito hoteleiro. Neste caso son as cidades do norte –A Coruña, Lugo e Ferrol- as que rexistran os valores máis altos con 2,0 noites as tres. As restantes cidades rexistran cifras inferiores, ficando Pontevedra como o destino urbano co dato máis baixo –rexistra 1,6 noites de media agora en 2024-.

Estadía media nos aloxamentos turísticos, por provincias. Ano 2024



Estadía media hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Ano 2024




Tamén enfocado só para o ámbito hoteleiro obsérvanse notables diferenzas no dato da estadía media segundo a área turística considerada. Así, o valor máis elevado corresponde a dous destinos de perfil diferente: O Ribeiro –rexistra de media 2,9 noites- e Ría de Arousa –con 2,7 noites de media neste caso. Superan tamén as dúas noites outras áreas como Deza-Tabeirós –con 2,4 noites-, Celanova-Limia –con 2,3 noites- ou Ferrolterra –con 2,1 noites-.

Nun segundo grupo localízanse destinos con valores do contorno das dúas noites de media entre os que se atopan, entre outros, Costa da Morte, Ría de Muros-Noia ou Manzaneda-Trevinca.

No lado contrario, as cifras máis baixas localízanse en destinos do interior da provincia de Lugo -concretamente en Ancares-Courel, con 1,2 noites-, e de A Coruña –neste caso e curiosamente en Terras de Santiago, con 1,6 noites de media-.

Estadía media nos establecementos hoteleiros das principais áreas turísticas. Ano 2024




En termos de ocupación a dinámica difire en parte do observado do lado da demanda. Así, sobe e mellora a porcentaxe do pasado ano en tres modalidades -en algo máis dun punto nos hoteis, en case dous puntos nas pensións, e en case un punto no segmento de turismo rural- pero por motivos diferentes. A mellora da ocupación nos hoteis provén do bo comportamento da demanda mais a suba nas pensións e aloxamentos de turismo rural vén como consecuencia dunha caída da oferta dispoñible nun contexto de estabilidade da demanda.

Neste contexto o nivel de ocupación mantense estable nos cámpings e descende tanto nos apartamentos turísticos -en pouco máis de dous puntos- coma nos albergues -en catro puntos-. En ambos casos apréciase un descenso do volume de noites nun contexto de crecemento da oferta dispoñible, de diversa intensidade.

Esta dinámica permite a catro tipoloxías superar os niveis de ocupación anteriores á pandemia. Marcan a excepción os apartamentos turísticos que perden tres puntos de ocupación respecto da porcentaxe de hai cinco anos.

Os hoteis son novamente a modalidade que presenta a cifra de ocupación máis elevada de toda a oferta de aloxamento -rexistran un 47,1% de media anual-. As pensións e albergues sitúanse por encima do 30%, os apartamentos turísticos e cámpings no contorno do 25% mentres que o segmento de turismo rural conseguiu ocupar o 21,4% das prazas ofertadas -a porcentaxe máis baixa de toda a oferta de aloxamento-.

Ocupación nos aloxamentos turísticos. Porcentaxe e variación 2024/23



RENDIBILIDADE HOTELEIRA


As tarifas hoteleiras en Galicia increméntanse neste 2024, superando nun 3,5% o dato do pasado ano e nun 24% a cifra de 2019. O impulso é de tal magnitude que en realidade a nosa comunidade marca neste ano un máximo histórico de ingreso medio por habitación ocupada, con 73,8 euros de media anual.

O leve incremento dos niveis de demanda e ocupación –en termos de ocupación por habitacións a porcentaxe deste ano supera nun 3,6% a cifra do pasado ano e nun 9% o nivel de 2019- prodúcese, por tanto, nun contexto de incremento dos prezos hoteleiros. Tal circunstancia leva a unha notable mellora dos niveis de rendibilidade no sector hoteleiro tanto en relación ao pasado ano –o RevPAR sobe un 6,3%- como en comparación co 2019 –superando nun 35% a cifra previa á pandemia-.

Con 36,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible Galicia acada neste ano 2024 a cifra máis alta de toda a serie histórica, superando por vez primeira os 35 euros de RevPAR hoteleiro.


Variación da ocupación, ADR e RevPAR no sector hoteleiro

2024/23



■ 2024/23

2024/19



■ 2024/19



TURISMO
DE
GALICIA

Área de Estudos e Investigación
Turismo de Galicia

AEITG


RENDIBILIDADE HOTELEIRA

O incremento do RevPAR hoteleiro neste ano vén provocado en esencia por unha suba das tarifas hoteleiras nun contexto no que sobe levemente o nivel de demanda e ocupación.

A dinámica dos últimos anos rómpese totalmente en 2020 no caso da ocupación e rendibilidade mais estabilízase no caso dos prezos hoteleiros. En 2021 o sector conseguiu virar a tendencia e recuperar parte do perdido na crise, circunstancia que se reforza en 2022 e consolida en 2023 mantendo o ritmo de crecemento tanto da demanda coma dos prezos.

As tarifas medias así como os niveis de rendibilidade de Galicia sitúanse nunha posición media-baixa no conxunto do Estado –supera os valores de cinco destinos na primeira e de soamente tres destinos na segunda-. Baleares é o destino que presenta os valores máis elevados tanto de ADR –con 145,0 euros- como de RevPAR –con 118,3 euros neste caso-. No lado contrario os valores máis baixos localízanse en Estremadura e Castela A Mancha.

Variación da Ocupación, ADR e RevPAR Hoteleiro. Período 2014-24




RENDIBILIDADE HOTELEIRA

Os indicadores de rendibilidade hoteleira presentan neste ano mellor comportamento que o observado noutras variables. O RevPar hoteleiro arranca o 2024 cun incremento do 5% respecto do valor de 2023 que pon inicio a unha tendencia positiva con crecementos máis notorios ata maio e menos destacados en meses puntuais do final de ano como outubro ou decembro –onde se mantén estable en termos interanuais-. Marca a excepción o mes de abril no que se aprecia un descenso como consecuencia da caída da demanda por mor do efecto negativo do calendario coa Semana Santa.

O ADR presenta tamén un comportamento positivo xeneralizado, con subas en todos os meses do ano agás en abril, outubro e decembro –cando se mantén estable-.

Nos meses de comportamento positivo dos indicadores de rendibilidade o RevPAR hoteleiro amosa un incremento máis notorio e intenso que o ADR – circunstancia provocada por un comportamento positivo dos niveis de ocupación-.

Variación do ADR e RevPAR Hoteleiro. 2024/23, por meses



RENDIBILIDADE HOTELEIRA


En termos absolutos, combinando o comportamento dos niveis de ocupación nun contexto de incremento das tarifas hoteleiras, estímase que o sector hoteleiro rexistrou neste ano máis de 430 millóns de euros de ingreso total por habitación ocupada, cifra que supera nun 7% o dato do pasado ano e nun 35% o nivel de 2019.

Parte deste incremento corresponde á suba xeral dos prezos –a inflación media para o ano 2024 sitúase no 2,9%-. Descontando este efecto os ingresos reais subiron en realidade un 4% en relación á cifra do pasado ano.

En todo caso, o sector hoteleiro consegue neste ano rexistrar un máximo da serie histórica superando por vez primeira a barreira dos 430 millóns de euros.

A dinámica rexistrada por esta variable nos últimos anos segue o mesmo patrón que a demanda e o nivel de ocupación, pero con diferenzas de intensidade. Descende fortemente en 2020 como consecuencia do impacto da pandemia, recupera parcialmente o nivel en 2021 e sobe no trienio 2022-24 de tal maneira que supera todas as cifras anteriores.

Ingreso total por habitación ocupada no segmento hoteleiro. Período 2015-24



OUTROS INDICADORES

TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR

No ámbito do turismo internacional existe unha fonte específica que mide o volume e características deste segmento da demanda: FRONTUR. Segundo esta operación neste ano 2024 visitaron Galicia máis de 1,8 millóns de turistas estranxeiros, cifra que inclúe a aqueles que se aloxan en establecementos regrados e non regrados e que, segundo o INE, superou nun 14% a cifra do pasado ano. Este incremento permite a este segmento situarse por vez primeira desde a pandemia por encima dos niveis de 2019, cun incremento do 13%. O grao de recuperación do mercado internacional foi lento ata o pasado ano segundo esta fonte, pero en 2024 mantén a tendencia positiva e consegue acadar un máximo da serie histórica.

O 44% dos turistas estranxeiros teñen orixe no país veciño, Portugal, constituíndo o noso principal mercado emisor. O 56% procede, en consecuencia, dos restantes países destacando neste grupo Francia -co 8,3%- e EE.UU. -co 5,9% do total internacional-. Esta fonte recolle tamén o forte impulso do mercado americano neste 2024.

O excursionismo internacional, procedente na súa meirande parte tamén de Portugal –en particular o 86%-, estímase en pouco máis de 2,7 millóns de persoas durante todo o ano –un 1,3% menos que en 2023 e un 5% menos que no ano 2019-. Este segmento colócase, por tanto, nas cifras máis baixas dos últimos anos sen ter en conta o período de pandemia.

Turismo internacional en Galicia. FRONTUR ano 2024

	Ano 2024	Var. 2024/23	Peso
TURISTAS INTERNACIONAIS	1.841.856	13,9%	100,0%
Portugal	806.667	12,5%	43,8%
Resto países	1.035.189	15,0%	56,2%
EXCURSIONISMO INTERNACIONAL	2.713.534	-1,3%	100,0%
Portugal	2.334.013	-3,6%	86,0%
Resto países	379.520	15,8%	14,0%



TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR


O incremento do turismo internacional en Galicia agora en 2024 vén como consecuencia do bo comportamento observado en boa parte dos mercados estranxeiros. O principal deles, Portugal, supera nun 12,5% o número de turistas do pasado ano superando por vez primeira na serie histórica os 800 mil turistas. Amosa tamén subas importantes os restantes mercados prioritarios –do 11% Francia ou do 27% Alemaña, entre outros-.

Tomando en consideración datos máis globais obsérvase un incremento importante tanto no mercado europeo –o conxunto de Europa sen Portugal presenta unha suba do 5%- coma americano e do resto do mundo –do 36% neste caso-.


O 76% dos turistas visitou a nosa comunidade por Vacacións/Ocio, segmento que destaca sobre os restantes considerados –un 9% visitou Galicia por motivos persoais e un 8,5% fíxoo por negocios-. O 6% afirma visitar a nosa comunidade por outros motivos.

Só dous perfiles de demanda superan os volumes de turistas do pasado ano –nun 18% o vacacional e nun 37% o segmento de negocios- mentres que descende aquel que visita Galicia por motivos persoais –de forma moi notable, en máis dun 50%- ou por outros motivos diferentes –un 7% neste caso-.

Variación do turismo internacional, por procedencia. 2024/23



Variación do turismo internacional. Principais segmentos por motivación, 2024/23




TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR

O 83% dos turistas estranxeiros que visitaron Galicia neste ano 2024 aloxáronse nalgũa modalidade denominada “de mercado”, isto é, adquirindo o servizo a cambio dun prezo. Destaca singularmente o uso do hotel e tipoloxías similares –co 70% do total- fronte ás restantes alternativas. O 17% opta por modalidades “fóra de mercado” entre as que destacan a vivenda de familiares/amigos –co 13,5%- e a vivenda en propiedade ou segunda residencia –co 2,3% do total neste caso-.


Boa parte dos segmentos de mercado considerados desde o punto de vista do aloxamento utilizado presentan un comportamento positivo en relación ao pasado ano, superando o volume de turistas de 2023 –coa excepción do aloxamento de turismo rural e da vivenda en propiedade-. Esta dinámica permite a algunhas modalidades “de mercado” superar tamén as cifras de 2019, con maior intensidade o aloxamento de aluguer. O segmento de “fóra de mercado” fica en cambio por debaixo dos niveis anteriores á crise.

Esta diversidade de comportamento afecta á estrutura da demanda e no segmento internacional obsérvase un reforzo do peso do segmento hoteleiro –hoteles e similares, de case tres puntos porcentuais- e, no lado contrario, unha perda dos restantes aloxamentos de mercado e dos aloxamentos “non de mercado”, en proporcións moi parellas e inferiores ao punto porcentual. Nalgún caso a perda é pouco significativa e case se pode falar de estabilidade.

Aloxamento utilizado polo turista internacional, e variación interanual. Ano 2024/23



Cambio no perfil da demanda internacional, segundo aloxamento. Ano 2024/23



TURISMO NACIONAL - ETR

No turismo de ámbito estatal existe tamén unha fonte específica que mide o volume e características deste segmento da demanda: a Enquisa de Turismo de Residentes (ETR). Esta operación ofrece datos trimestrais cun retardo de cinco meses co que a día de hoxe só temos cifras ata setembro de 2024. Desta maneira, e a falta dos datos anuais, neste momento resulta de interese ofrecer cifras dos nove primeiros meses deste ano.

Así, segundo esta operación no acumulado a setembro realizáronse 8,0 millóns de viaxes dos españois con destino principal Galicia, cifra que descende nun 6,3% en relación ao mesmo período de 2023. Mantense igualmente por debaixo do nivel de 2022 así como dos valores anteriores á pandemia.

O 61% das viaxes corresponde ao turismo interno –dos residentes na comunidade- mentres que o 39% restante provén do resto do Estado. Ambos segmentos presentan un comportamento homoxéneo en relación ao pasado ano –descenden un 3% e 11%, respectivamente, en relación ao mesmo período de 2023- pero dispar en comparación co 2019 –neste caso só o turismo receptor nacional consegue superar o nivel previo á pandemia, nun 8%-.

A duración das viaxes increméntase en relación ao observado en 2023 –un 12% con carácter xeral-, circunstancia que afecta positivamente ao volume de pernoctacións –que se sitúan un 5% por encima do nivel do pasado ano, cun comportamento parello entre o mercado interno –que supón o 38% do total das noites- e o receptor nacional –co 62% restante-.

Turismo nacional en Galicia. ETR Acum. setembro 2024

	Acum. Set 2024	Peso	Var. 24/23
VIAXES DESTINO PPAL GALICIA	8.026.255	-	-6,3%
Interno	4.886.615	60,9%	-3,2%
Receptor Nacional	3.139.640	39,1%	-10,7%
NOITES	41.401.052	-	4,8%
Interno	15.669.458	37,8%	9,8%
Receptor Nacional	25.731.594	62,2%	2,0%
DURACIÓN MEDIA	5,2	-	11,9%
Interno	3,2	-	13,5%
Receptor Nacional	8,2	-	14,2%



TURISMO NACIONAL - ETR


No acumulado a setembro dúas de cada tres noites realizadas polo turista español en Galicia rexístrase no segmento do aloxamento “fóra de mercado”, esencialmente na segunda residencia ou na casa de familiares e/ou amigos. O 34% restante corresponde, en cambio, a algunha modalidade denominada “de mercado”.

Ambos segmentos do aloxamento tiveron un comportamento dispar neste ano, incrementándose o volume de noites nas tipoloxías “fóra de mercado” –nun 22% en relación ao pasado ano e tamén en comparación co 2019, acadando a cifra máis elevada da serie histórica. No segmento “de mercado” apréciase un descenso do 2,5% no número de noites, circunstancia que en todo caso mantén o nivel final por encima dos 14 millóns de pernoctacións.


Unha análise máis detallada mostra que o descenso no segmento do aloxamento de mercado prodúcese por parte do turismo interno, isto é, daqueles residentes en Galicia –rexistra unha caída do 13% neste ámbito-. Pola contra, incrementase o número de noites dos residentes nas tipoloxías fóra de mercado –nun 30% neste caso-.

O mercado receptor nacional amosa en cambio un comportamento positivo no aloxamento de mercado –cun crecemento do número de noites do 2%- e no segmento de “fóra de mercado” –do 16% neste caso-.

Aloxamento utilizado polo turista nacional, e variación interanual. Noites Ac. Set. 2024/23



Variación das noites, segundo aloxamento e mercado de orixe. Ac. Set. 2024/23



TURISMO NACIONAL - ETR


Case a metade das viaxes turísticas realizadas polos españois en Galicia, nos primeiros nove meses deste ano, corresponden ao segmento de vacacións ou ocio –o 48% en particular-. O 36% corresponde a viaxes para visitar a familiares e/ou amigos mentres que o 16% restante atende a outras motivacións.

O perfil de maior peso –o de vacacións/ocio- é o único que presenta un comportamento positivo neste 2024, incrementando nun 6% o número de viaxes en relación ao pasado ano. Os restantes segmentos amosan unha dinámica negativa, con caída tanto do de negocios coma do que vén a Galicia para visitar a familiares e/ou amigos –ambos arredor dun 4%-.


A dinámica dos dous principais segmentos de mercado varía levemente en función do mercado de orixe. Así, obsérvase un comportamento positivo do turismo interno no segmento vacacional –viaxes dos residentes en Galicia que visitan a nosa comunidade por vacacións/ocio-, do 15%, así como do mercado receptor nacional no segmento de visita a familiares e amigos –un 4% neste caso-.

Descenden, en cambio, as viaxes internas de visita a familiares e/ou amigos –viaxes dos residentes dentro da comunidade que se moven para visitar a familiares e/ou amigos principalmente-, nun 7%, así como as viaxes dos residentes no resto do Estado que visitan Galicia por motivos vacacionais –nun 3% neste caso-.

Motivo principal das viaxes dos españois.
Ac. Set. 2024



Variación das viaxes, segundo motivo e mercado de orixe.
Ac. Set. 2024/23



GASTO TURÍSTICO

En termos de gasto, utilizando as operacións da Enquisa de Turismo de Residentes para o ámbito nacional e FRONTUR/EGATUR para o internacional, obsérvase neste 2024 un comportamento diferente para os tres segmentos de mercado, con variacións de diversa intensidade.

O gasto medio diario do turista nacional descende neste ano –dato do acumulado a setembro-, circunstancia que afecta da mesma maneira ao interno e ao que procede do resto do Estado. Así, o gasto medio diario do turista residente cae un 6,8% -situándose en 40,4 euros por persoa e día- mentres que o do turista español de fóra de Galicia descende un 2,7% –con 65,0 euros por persoa e día neste caso-.

O peor comportamento das viaxes que utilizan principalmente modalidades de aloxamento “de mercado” –que rexistran un gasto medio diario máis elevado fronte ás modalidades “fóra de mercado”- explica esta caída en termos interanuais.

O internacional presenta en cambio unha dinámica positiva. O gasto medio diario do turista estranxeiro supera o dato do pasado ano –nun 12,5%- así como o de 2019, con 164,2 euros por persoa e día –a cifra máis elevada da serie histórica-.

Gasto medio diario e variación interanual, por mercados. Ano 2024

	T. Interno*	T. Receptor Nacional*	T. Internacional
GASTO MEDIO DIARIO	40,4 €	65,0 €	164,2 €
Var. 2024/23	-6,8%	-2,7%	12,5%


* O gasto do turismo interno e receptor nacional corresponde aos tres primeiros trimestres do ano, de xaneiro a setembro de 2024. Fonte: ETR/INE



CAMIÑO DE SANTIAGO

O Camiño de Santiago amosou neste ano 2024 un comportamento positivo pois consegue rexistrar novamente cifras históricas de peregrinos a Santiago. En particular, tomando como referencia o número de Compostelas que expide a Oficina do Peregrino obsérvase neste 2024 un incremento en relación ao pasado ano –do 11,9%– consolidando desta maneira o crecemento observado desde a pandemia –moi forte en 2021 e 2022 e máis suave en 2023–. Desta maneira Galicia rexistra neste ano un máximo histórico de peregrinos –cando menos no que atinxe ao número de Compostelas expedidas– con practicamente medio millón no conxunto da comunidade –en 2019, anterior á crise, a cifra de compostelas situábase en 348 mil–. Por segundo ano consecutivo desde o inicio da pandemia, e en contra do que se viña observando nos tres anos anteriores, a cifra de peregrinos estranxeiros supera á dos españois. O volume dos primeiros sitúase en 268 mil mentres que a cifra de peregrinos nacionais fica en pouco máis de 208 mil. Ambas cifras adoecen de problemas de orixe pois desde mediados de 2023 a fonte de información –Oficina do Peregrino– presenta incoherencia nos datos e falta de cohesión a nivel interno.

Evolución peregrinos en Galicia. Nº Compostelas, 2010-24



CAMIÑO DE SANTIAGO


Tal como se viu anteriormente obsérvase neste 2024 un comportamento parello dos dous grandes segmentos segundo a procedencia. O segmento dos españois rexistra un incremento do 6% en relación ao pasado ano, circunstancia que contrasta coa caída rexistrada en 2023. O segmento dos estranxeiros presenta tamén unha dinámica positiva. En particular, rexistra un incremento do 10% en relación ao pasado ano que leva a rexistrar algo máis de 268 mil compostelas, un máximo da serie histórica.

Estas porcentaxes están referidas aos valores actuais de compostelas pero reflicten en si mesmo unha incongruencia como consecuencia dos erros de base da fonte de información. En particular, a suma de compostelas de nacionais e estranxeiros dista do total publicado na web, de aí que as variacións interanuais non sexa coherentes internamente.


Con este comportamento obsérvanse cambios na estrutura da demanda no Camiño, diminuindo o peso do segmentos dos españois ata o 42% do total –dous puntos por debaixo da porcentaxe do pasado ano- mentres que o peso dos estranxeiros ascende ao 54% –en 2021 representaba preto do 32%-. Esta estrutura aseméllase aos pesos que ambos segmentos tiñan antes da pandemia, cando por exemplo o segmento dos estranxeiros superaba o 55% do total de 2016 a 2019.

A dinámica do Camiño de Santiago presenta un comportamento homoxéneo no curto prazo. Crece de forma regular en todos os meses do ano agás en decembro –cando se aprecia unha caída do 3,5% en termos interanuais-. En marzo, como consecuencia da celebración da Semana Santa, o número de compostelas multiplícase por dous en relación ao valor de 2023.

**Variación do volume de peregrinos, por procedencia.
Ano 2024/23**



Variación do volume peregrinos. Ano 2024/23, por meses




CAMIÑO DE SANTIAGO

A dinámica comentada anteriormente apréciase tamén no seguinte gráfico de evolución do número de Compostelas neste ano 2024, en perspectiva comparativa co 2023 neste caso. Así obsérvase que os volumes deste ano fican por encima das cifras do pasado ano en todos os meses –salvo en decembro-, con diferenzas importantes en marzo, e de maio a setembro. Apréciase claramente o crecemento rexistrado no verán –do 6% en xullo e do 11% en agosto- que leva posteriormente a unha evolución máis parella no último trimestre do ano.

Apréciase tamén que o volume de compostelas deste ano 2024 supera sempre, en todos os meses, os niveis de 2019 –anteriores á pandemia-.

O comportamento comentado anteriormente leva a certa estabilidade na distribución temporal do número de compostelas en relación ao observado nos últimos anos, cun perfil tamén parecido ao que se rexistraba antes da crise. Mantense en termos globais o carácter estacional do Camiño.

Evolución peregrinos en Galicia. Anos 2024 e 2023, por meses



CAMIÑO DE SANTIAGO


Así, tomando en consideración os tres grandes períodos temporais, obsérvase que o crecemento do número de compostelas en relación ao pasado ano é unha característica que se produce nas tres grandes temporadas, con subas do 8,5% no verán, do 11,3% na temporada media e do 20,3% na temporada baixa.

Esta dinámica leva a pequenos cambios no reparto dos peregrinos ao longo do ano, cun leve e pouco apreciable descenso da estacionalidade en relación ao pasado ano. O peso da temporada alta pasa do 44% do total en 2021 ao 35% en 2022, ao 30% en 2023 e ao 29% agora en 2024 –porcentaxe tamén inferior á cifra previa á pandemia-. O peso da temporada media mantense estable mentres que a temporada baixa recupera e mesmo supera en algo máis dun punto o peso que tiña hai un ano.


O bo comportamento do segmento dos españois é unha característica que se produce nos tres grandes períodos do ano. Incrementábase así o volume de compostelas nacionais un 5% no verán, un 4% na temporada media e un 14% na baixa. O segmento internacional, en cambio, amosa un comportamento positivo fóra do verán, con incrementos do 10% na temporada media e do 24% na baixa.

A dinámica e comportamento dos dous grandes segmentos segundo a procedencia adoece dos problemas internos comentados anteriormente así que deben tomarse a modo orientativo.

Evolución peregrinos, por procedencia e temporada. Ano 2024/23



Distribución peregrinos, por procedencia e temporada. Comparativa interanual



CAMIÑO DE SANTIAGO


Por rutas destaca novamente o camiño Francés como principal ruta a Santiago –co 47% do total rexistra máis de 236 mil Compostelas-. Seguen en orde de importancia o camiño Portugués –co 34%, porcentaxe que inclúe as dúas rutas, de interior co 19% e costa co 15%- e os camiños Inglés, Primitivo e Norte -con arredor do 5% do total cada un-.

En termos dinámicos obsérvase que a maior parte das rutas a Santiago rexistran volumes superiores aos do pasado ano, destacando singularmente os crecementos rexistrados no camiño portugués da costa e camiño do inverno –ambos superan en máis dun 40% o nivel de 2023-.


No lado contrario os incrementos máis moderados localízanse no camiño do norte –cunha suba do 4,1%- e francés e portugués de interior –ambos co 8% interanual-.

Neste contexto obsérvanse agora en 2024 cambios na estrutura territorial do Camiño de Santiago. Neste sentido gaña peso claramente o camiño Portugués da costa –en tres puntos porcentuais- e perden, en cambio, o camiño Francés –en dous puntos- así como o portugués de interior –nun punto neste caso-. As restantes rutas a Santiago manteñen relativamente estable o seu peso sobre o total de Galicia.

Variación do volume de peregrinos, por rutas. Ano 2024/23



Cambio de peso das diferentes rutas a Compostela. Ano 2024/23




CAMIÑO DE SANTIAGO

Analizando as cifras segundo o punto de saída da ruta obsérvase neste 2024 unha evolución dispar. Claramente os puntos que gañan peso e cuota de mercado son aqueles do camiño portugués de distancia media ou curta –Tui, Vigo e Baiona-. Estes dous últimos superan en máis dun 40% o número de compostelas do pasado ano. Destaca tamén a cidade de Porto como punto de saída do camiño portugués da costa –cunha suba do 22%- así como outros puntos como Tui ou Valença do Minho.

Con case 50 mil compostelas a cidade de Porto sitúase, por terceiro ano consecutivo, como o segundo punto de partida en orde de importancia, só por detrás de Sarria. Unha parte sae facendo o camiño interior –un 2% menos que o pasado ano- e outra opta pola ruta da Costa –alternativa que supera nun 22% o número de compostelas de 2023-. Nesta ruta gaña tamén peso como punto de saída a vila de Valença do Minho, cun incremento do 18% respecto do nivel do pasado ano-, ademáis das citadas Baiona e Vigo.

No ámbito do camiño Francés o principal punto de saída a Santiago –a vila de Sarria- presenta tamén un resultado positivo superando nun 15% o número de compostelas de 2023. Nesta ruta gaña volume a peregrinación de longo percorrido –incremento do 3% das saídas desde S. Jean Pied de Port- aínda que caen desde Roncesvalles e tamén aquelas de media distancia –con saída en O Cebreiro, por exemplo-.

Nas restantes rutas obsérvase un incremento das compostelas con saída desde Ferrol –do 17%- , Oviedo –do 13%- ou Lugo –do 32% neste caso-, estes dous últimos do camiño Primitivo.



CAMIÑO DE SANTIAGO


Outro dos indicadores que se manexan na análise da demanda no Camiño de Santiago é o número de noites rexistradas na rede de albergues públicos do Xacobeo.

Este segmento concreto adoeceu nos anos posteriores á pandemia de certos problemas na recuperación por canto se mantiveron por moito tempo restricións importantes de acceso e de número de prazas dispoñíbles. A oferta de camas en albergues públicos non se recuperou coa mesma intensidade que no privado, de aí que os volumes rexistrados en 2023 e agora en 2024 fiquen aínda algo lonxe dos habituais antes da crise. De feito, rexistráronse pouco máis de 258 mil pernoctacións neste ano, cifra que se mantén estable en relación ao anterior 2023 –a variación é do 0,2%- pero que se sitúa no 85% do nivel acadado en 2019. De feito, de 2014 a 2019 o nivel de ocupación nos albergues públicos supera sempre as 300 mil noites.


Por camiños a evolución é dispar. Neste sentido obsérvase un comportamento positivo nos albergues públicos do camiño Portugués, con incrementos do 15% na ruta de interior e do 4% na de costa, do camiño Inglés –cun forte crecemento do 21%- Mozárabe-Vía da Prata –do 6%- e do camiño do Inverno –que supera nun 60% o número de noites do pasado ano.

Cae o número de noites nos albergues da principal ruta, o camiño Francés –nun 6%- así como do Primitivo e Norte –arredor dun 7% en ambos-.

Evolución Noites en Albergues Públicos. Período 2014-24



Recuperación do número de noites nos Albergues Públicos. Ano 2024/23



CAMIÑO DE SANTIAGO

No ámbito do Camiño Francés, en particular, e tomando en consideración as cifras aportadas polo INE para o segmento hoteleiro, obsérvase neste ano unha tendencia similar á comentada para outros indicadores. Con 450 mil viaxeiros aloxados e máis de 482 mil noites este segmento supera os niveis do pasado ano 2023 –nun 10,5% a cifra de viaxeiros e nun 12,1% o volume de pernoctacións–.

Con estas cifras o segmento hoteleiro do Camiño Francés supera tamén os niveis previos á pandemia e consegue, en consecuencia, situar o volume de demanda en máximos da serie histórica.

Obsérvase neste caso un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo de ámbito nacional presenta unha dinámica positiva en termos interanuais, situándose un 11% por encima das cifras do pasado ano. Supera tamén o volume de 2019.

O mercado internacional rexistra tamén un incremento importante neste 2024 –do 10% a cifra de viaxeiros aloxados- con máis de 230 mil viaxeiros e de 240 mil noites. Esta dinámica aseméllase ao observado no lado das Compostelas.

Neste ano, e por segunda vez consecutiva desde o inicio da pandemia, o mercado internacional supera ao nacional –representa o primeiro o 51% dos viaxeiros aloxados-, se ben no relativo ás noites a proporción queda equilibrada no 50%.

A estadía media mantense relativamente estable con pouco máis de unha noite –dato asociado en grande medida á presenza do peregrino–.

Os establecementos hoteleiros do Camiño Francés ocuparon de media o 45,5% das prazas ofertadas en 2024, cifra que mellora en máis dun punto o dato do pasado ano –cando rexistraban unha media do 44,1%-. É a segunda porcentaxe máis elevada da serie histórica.

Demanda Hoteleira no Camiño Francés. Ano 2024

	Ano 2024	Var. 24/23
VIAXEIROS ALOXADOS	449.911	10,5%
Espanóis	218.156	11,3%
Estranxeiros	231.755	9,7%
NOITES	482.736	12,1%
ESTADÍA MEDIA	1,07	1,4%
OCUPACIÓN (%)	45,5%	1,36 ptos




CAMIÑO DE SANTIAGO

A evolución da demanda permite superar non só o nivel do pasado ano senón tamén os valores previos á crise, cun impulso importante que permite ao segmento hoteleiro do Camiño Francés rexistrar un máximo histórico con máis de 482 mil noites.


No curto prazo obsérvase que a evolución é relativamente homoxénea. Neste sentido o nivel de demanda presenta un comportamento positivo na maior parte dos meses do ano, con subas moi notables no primeiro trimestre –febreiro e marzo, de máis do 70%- e no final de ano –en novembro concretamente, con máis do 20%- . Marcan a excepción dous meses concretos: xuño –o número de noites mantense estable- e decembro –único mes que rexistra unha caída en termos interanuais, do 3% neste caso-.

Con carácter global obsérvase, por tanto, un comportamento positivo da demanda nos tres grandes períodos do ano, con crecemento maior intensidade na temporada baixa –do 23,5%- e máis suave na temporada media –do 7% neste caso-. No verán o número de noites increméntase nun 15%.

NOITES nos estab. hoteleiros do Camiño Francés.
Período 2015-24



Variación da demanda nos estab. hoteleiros do Camiño Francés.
2024/23, por meses




CAMIÑO DE SANTIAGO

No primeiro gráfico apréciase o comportamento da demanda hoteleira neste ano 2024 no ámbito do Camiño Francés, con pequenas diferenzas respecto da dinámica que marcaba o ano pasado así como antes da crise.


A temporada turística “habitual” dentro do Camiño vai de Semana Santa a outubro, con carácter xeral, rexistrándose os picos de afluencia na temporada media –en maio e en setembro- debido á maior presenza do viaxeiro estranxeiro –supón máis da metade das noites de 2014 a 2019, e tamén en 2023 e 2024-. En 2021 o panorama era totalmente diferente. O camiño apenas ten actividade ata o mes de maio e comeza en xuño un proceso de recuperación que leva a superar os niveis de 2019 na segunda metade do ano. Agora en 2024 consolídase en grande medida o perfil temporal da demanda con maior peso da temporada media sobre as restantes temporadas –supón o 54% do total-.

O comportamento do viaxeiro español difire do observado para o estranxeiro. O primeiro ten un carácter máis estacional, concentrando o 61% da demanda en catro meses, de xuño a setembro. O segundo realiza o Camiño esencialmente na temporada media, sendo maio e setembro os meses de maior presenza do turismo internacional. Xustamente en maio-xuño e en setembro-outubro o volume de demanda estranxeira supera á nacional no Camiño Francés.

Demanda hoteleira no camiño Francés. Anos 2024, 2023 e 2019, por meses



Demanda hoteleira segundo a procedencia. Ano 2024, por meses



TRÁFICO AEROPORTUARIO

No ámbito da mobilidade aeroportuaria o comportamento neste 2024 aseméllase ao observado noutros segmentos da actividade turística. En síntese, o tráfico global de pasaxeiros nos aeroportos de Galicia mantívose estable en relación ao pasado ano –en sentido estrito sobe un 0,2%-, circunstancia que permite manterse por encima dos volumes previos á pandemia é, en consecuencia, consolidar o máximo da serie histórica na comunidade con algo máis de 5,9 millóns de pasaxeiros.

Este resultado vén como consecuencia de variacións dispares nos tres aeroportos de Galicia. Lavacolla é neste sentido o único aeroporto de Galicia que consegue resultados positivos toda vez que supera nun 2,9% o tráfico de pasaxeiros de 2023. Alvedro presenta unha leve caída do 1,2% -pouco perceptible- mentres que Peinador marca un descenso algo máis acusado –do 6,8%- en parte como consecuencia do parón por obras no mes de maio.

Lavacolla é unha vez máis o aeroporto de maior volume e peso no conxunto de Galicia –absorbe neste 2024 o 61% do total do tráfico aéreo da comunidade-. O mellor comportamento relativo de Santiago leva a gañar cuota de mercado neste ano, con algo máis dun punto por encima da cuota do pasado ano. A Coruña mantense no 21% de cuota mentres que Vigo perde representatividade para situarse no 18% do total.

Tráfico aeroportuario en Galicia. Ano 2024


AEROPORTO	2024	2023	2019	Var. Int. 24/23
A CORUÑA	1.237.569	1.252.022	1.352.584	-1,2%
SANTIAGO DE COMPOSTELA	3.640.664	3.537.445	2.904.102	2,9%
VIGO	1.058.529	1.136.157	1.012.447	-6,8%
GALICIA	5.936.762	5.925.624	5.269.133	0,2%

TRÁFICO AEROPORTUARIO

Tal como se pode observar na figura o tráfico aeroportuario en Galicia neste 2024 mantense nos niveis do pasado ano –cunha variación pouco significativa-, para superar por segunda vez consecutiva desde a pandemia os volumes anteriores á crise e consolidar así un máximo da serie histórica con algo máis de 5,9 millóns de pasaxeiros. Fréase así a dinámica de tres anos consecutivos de crecemento do tráfico aéreo na comunidade, en porcentaxes importantes que superan o 65% interanual en 2021 e 2022 e sitúase no 15% en 2023.

En termos absolutos a variación supón a aportación de 11 mil novos pasaxeiros en relación ao pasado ano, cifra que responde a evolucións dispares nos tres aeroportos galegos –gaña algo máis de 100 mil pasaxeiros Lavacolla, e perden case 15 mil Alvedro e 78 mil Peinador-.

Tráfico aeroportuario en Galicia. Período 2014-24



TRÁFICO AEROPORTUARIO


A evolución do tráfico aéreo en Galicia presenta un perfil relativamente parecido ao observado no pasado ano 2023. Arranca o ano con volumes baixos de pasaxeiros que pouco a pouco van medrando ata chegar ao pico máximo en xullo –o pasado ano fora en agosto–, momento a partir do cal descende de forma progresiva de tal maneira que a final de ano –en decembro, por exemplo– rexístranse máis pasaxeiros que en xaneiro e febreiro. 2019 foi o último ano con máximo anual en xullo.

O volume de pasaxeiros deste ano supera as cifras do anterior 2023 na primeira metade do ano –de febreiro a xullo– e no último bimestre novembro-dicembro.


A nivel interno, entre os distintos aeroportos, aprécianse variacións de diferente signo e intensidade, destacando dunha banda o bo comportamento de Lavacolla no primeiro semestre e doutra as caídas sostidas en Alvedro de marzo a outubro, con incrementos notables na temporada baixa. Cabe sinalar tamén a forte caída experimentada no aeroporto de Vigo no mes de maio por mor das obras realizadas que paralizaron o tráfico aéreo en Peinador.

A pesar das diferenzas internas apréciase unha dinámica global máis parella na segunda parte do ano en relación ao primeiro semestre.

Evolución volume pasaxeiros. Anos 2024, 2023 e 2019, por meses



Var. Int. tráfico aéreo por aeroporto. Ano 2024/23, por meses




TRÁFICO CRUCEIROS

O turismo de cruceiros en Galicia sufriu de forma moi notable o impacto da pandemia en 2020 e 2021. De feito, o tráfico de cruceiros interrómpeuse en marzo de 2020, coa declaración do primeiro estado de alarma, e mantense nesa situación ata setembro de 2021. Son, por tanto, 17 meses sen actividade que loxicamente reduciron a niveis mínimos o turismo de cruceiros na nosa comunidade neste período de pandemia.

En 2022 este segmento colle un impulso tal que consegue non só recuperar os volumes de pasaxeiros perdidos durante a crise senón situarse por encima das cifras previas á pandemia con máis de 410 mil pasaxeiros, cifra que ascende a máis de 550 mil en 2023 e supera os 635 mil agora en 2024. Mantense neste ano, por tanto, a tendencia positiva dos anteriores 2022 e 2023 de tal maneira que o segmento de cruceiros marca un máximo da serie histórica. Nunca antes o turismo de cruceiros en Galicia conseguira superar a barreira dos 600 mil pasaxeiros.

O tráfico de cruceiros en Galicia supón o 4,9% do total de España, porcentaxe similar á dos dous últimos anos e superior á que se observaba antes da pandemia —en 2019 ficaba no 3%—.

Tráfico de cruceiros en Galicia (pasaxeiros). Período 2014-24



TRÁFICO CRUCEIROS


O tráfico de cruceiros en Galicia continúa centrado nos dous portos principais da comunidade , A Coruña e Vigo, que absorben en conxunto o 98% do total de pasaxeiros, cun reparto desigual entre ambos. A Coruña absorbe o 65% mentres que Vigo recibe un 33% do total-. Os dous restantes portos –Ferrol/San Cibrao e Vilagarcía- apenas tiveron actividade neste ano de forte impulso do sector.

Consolida A Coruña o liderazgo do segmento de cruceiros en Galicia –igual que en 2022 e 2023 e a diferenza dos anos de pandemia cando se situaba por debaixo dos niveis de Vigo-. Xa no trienio 2017-19 o porto de A Coruña conseguía colocarse como aquel de maior volume e peso na comunidade, substituindo a Vigo que ata ese momento lideraba o sector en Galicia.

A nivel global o tráfico de cruceiros en Galicia increméntase nun 14% en relación ao pasado ano, circunstancia que atinxe esencialmente ao porto de A Coruña -rexistra un crecemento global do 27%- Ferrol – San Cibrao amosa tamén unha dinámica positiva notable –dobra o volume de pasaxeiros- mais o seu baixo peso ten un efecto pobre no cómputo global. Contrasta isto coa caída observada no porto de Vigo, do 7% neste caso.


Esta dinámica permite ao porto de A Coruña acadar un máximo da serie histórica de pasaxeiros de cruceiros -con máis de 410 mil- e de peso no conxunto de Galicia –pasa de representar o 36% do total en 2012 ao 50% en 2019 e o 65% agora en 2024-. Vigo regresa a niveis de 2015 mentres que o porto de Ferrol – San Cibrao sitúase nos 13 mil pasaxeiros.

Reparto do tráfico de pasaxeiros por porto.
Ano 2024



■ A Coruña ■ Ferrol - San Cibrao ■ Vilagarcía ■ Vigo

Var. Tráfico de pasaxeiros, global e por portos.
2024/23



EMPREGO TURÍSTICO – EPA

Segundo a Enquisa de Poboación Activa no ano 2024 o sector turístico de Galicia rexistrou 126 mil ocupados, cifra que neste contexto de crecemento mantense relativamente estable en relación ao dato do pasado ano. Supón o 11% do total de ocupados nas diferentes ramas da economía da comunidade, porcentaxe similar á do pasado ano así como á dos anos previos á pandemia. Neste sentido, a variación do número de ocupados no sector turístico vai na liña do observado no total da economía, mantendo este segmento o peso no conxunto da comunidade.

Tres de cada catro persoas ocupadas son asalariados –porcentaxe que pouco varía en relación ao pasado ano- mentres que a cifra restante figuran como autónomos. Dentro dos asalariados do sector obsérvase un descenso suave da taxa de temporalidade en comparación co pasado ano –de medio punto- pero moi acusada en relación ao 2019 situándose no 18,7% -porcentaxe que hai cinco anos situábase no 41%-.

Emprego no sector turístico. EPA 2024

	2024	2023	2019	Var. 24/23
OCUPADOS	125.599	127.163	123.772	-1,2%
PARADOS	13.812	12.932	17.586	6,8%
TAXA DE ASALARIADOS	76,7%	77,1%	75,5%	-0,4 ptos.
TAXA DE TEMPORALIDADE	18,7%	19,3%	41,2%	-0,6 ptos.

EMPREGO TURÍSTICO – EPA


Cunha perspectiva máis global obsérvase que o impacto da crise no sector en 2020 e 2021, en termos de emprego, tradúcese inicialmente nun descenso do volume de poboación activa –persoas que están traballando ou en busca de emprego- do 15%, o que supón en termos absolutos a expulsión ou abandono de máis de 20 mil persoas respecto de 2019 –ficando un total de 120 mil-. Boa parte desa perda, o 83%, provén da cifra de ocupados –case 18 mil menos que en 2019, con 106 mil- mentres que o 17% corresponde a persoas que estaban paradas. O impacto no volume de parados é menor do previsto pero débese xustamente a iso, a persoas que oficialmente se sitúan como inactivos no sector.

Xa en 2022 cambia a tendencia e ambas variables –activos e ocupados- superan os datos do pasado ano nunha proporción parella, se ben fican por debaixo dos niveis previos á pandemia. En 2023 mantense a tendencia positiva, ambas variables soben de forma importante, sendo que no caso dos ocupados acadan un máximo da serie histórica. Agora en 2024 os niveis quedan axustados con variacións pouco significativas.


A estabilidade do volume de ocupados acontece principalmente no ámbito dos autónomos. No segmento dos asalariados rexístrase unha leve caída do 2% que se concentra principalmente no ámbito dos temporais –que caen un 5%-. Mantense estable, en cambio, a cifra de asalariados indefinidos.

A taxa de temporalidade descende novamente este ano –en medio punto, situándose no contorno do 19%-, reforzando a distancia respecto dos niveis previos á pandemia –de máis de vinte puntos en comparación co dato de 2019-.

**Evolución activos e ocupados sector turístico.
EPA 2014-24**



**Evolución taxa temporalidade. EPA
2014-24**




EMPREGO TURÍSTICO - AFILIACIÓN

En termos de emprego no sector turístico –en particular nas ramas de Hostalería e Axencias de Viaxe– obsérvase un incremento das afiliacións á Seguridade Social en relación ao pasado ano –do 3%– que permite consolidar unha dinámica positiva que arrancou a mediados da década pasada e se viu interrompida unicamente pola pandemia en 2020 e 2021. Con preto de 86 mil afiliacións o sector turístico de Galicia marca neste ano 2024 a cifra máis elevada da serie histórica –só en 2019 e 2023 conseguira superar a barreira das 80 mil afiliacións–.

No curto prazo o comportamento das afiliacións é homoxéneo. Melloran neste ano as cifras de 2023 en todos os meses –con maior intensidade en marzo, maio e agosto– salvo en setembro –cando se mantén estable en termos interanuais–.

A nivel desagregado obsérvase un comportamento parello. En relación ao pasado ano sobe o volume de afiliacións nas tres ramas consideradas: nun 5% nos servizos de aloxamentos, nun 3% nos servizos de restauración e nun 6% nas actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos e similares. Esta dinámica permite ás tres ramas situarse tamén por encima das cifras de 2019.

Son os servizos de restauración o segmento que rexistra maior volume de afiliacións dentro do sector –absorbe neste ano o 83% do total, porcentaxe equivalente á do pasado ano 2023–.




EMPREGO TURÍSTICO – ALOXAMENTOS INE

No ámbito do aloxamento existe un indicador propio medido a partir das enquisas de ocupación do INE que amosa a evolución do número medio de empregados nos establecementos colectivos neste 2024. En síntese, neste ano rexístrase un incremento do 5,2% no número de traballadores do sector, en relación ao pasado ano, quedando a cifra final en 9.600. Esta suba permite superar por terceiro ano consecutivo o nivel de 2019 –con algo máis de 8.300 empregados naquel momento- e marcar en consecuencia un máximo da serie histórica.


O comportamento desta variable vai parello ao dos restantes indicadores mais apréciase deste lado un descenso menos acusado en 2020 e, en consecuencia, un incremento máis moderado en 2021 e 2022. En termos de emprego as fluctuacións son de menor intensidade que noutros indicadores de demanda ou ocupación, por exemplo.

Por tipoloxías obsérvase que o bo comportamento do emprego localízase en todas as modalidades de aloxamento, con subas máis destacadas e intensas nos cámpings –rexistra un incremento do 19%- e nos apartamentos turísticos –do 10% neste caso-. Marcan a excepción os albergues, tipoloxía na que se observa unha caída do 3%.

Empregados no aloxamento turístico INE. Período 2015-24



Variación do volume de empregados, por tipoloxías. 2024/23



Balance do turismo en Galicia

Ano 2024



TURISMO
DE
GALICIA

galicia